

◆ ILUSTRACIÓN:

“Mejor sola que sin magia”



Obra feita coa técnica de Collage.

A súa autora é **Lara Lars**, nada en Salceda de Caselas en 1986. Lara Lars é arquitecta e ilustradora. Famosa polos seus “collage” nos que se unen feminismo e surrealismo. Elabora estampas retrofuturistas e converte ás mulleres do pasado en mulleres empoderadas, protagonistas da súa propia historia.

◆ ESCULTURA:

“El calcetín”



Escultura de **Tàpies**.

Antoni Tàpies é un pintor, escultor e ilustrador catalán. En 1991 proxectou unha escultura de 18 metros, titulada "El calcetín", para ser instalada na Sala Oval do Palacio Nacional de Barcelona, o que provocou unha intensa polémica. Finalmente non se levou a cabo o proxecto. En 2009, 18 anos máis tarde, por fin se fixo este proxecto, pero cun tamaño de 2,75 metros. Atópase na Fundación Antoni Tàpies. Representa un elemento cotiá, como é un calcetín. O autor quería expresar a importancia das cousas pequenas da vida. -